

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0403 | USG/2021/202 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 0Z2P 0T37 4B4G 0S3R 0FBC | |

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA VINTE E CINCO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta e dous minutos do día vinte e cinco de novembro de dous mil vinte e un, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. Alcaldesa en funcións, dona María Guadalupe Pombo Carril, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
D^a. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D^a. SUSANA AMOR FERNÁNDEZ
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ

Polo Grupo Político Popular:

D^a. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU
D. ALFONSO RICO VERA
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO
D^a. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D^a. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA
D^a. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Non asisten á sesión o Sr. alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e o Sr concelleiro do grupo político do BNG, don Gonzalo Méndez Mosquera..

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro e dá fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0403 | USG/2021/202 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 0Z2P 0T37 4B4G 0S3R 0FBC | |

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DE DATA 30.09.2021.

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP N° 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación a acta da sesión ordinaria celebrada en data 30 de setembro de 2021, da que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a acta da sesión ordinaria de data 30 de setembro de 2021, sendo aprobada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión ordinaria celebrada en data 30 de setembro de 2021.

2.- PROPOSTA SOBRE ADHESIÓN DO CONCELLO DE CULLEREDO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP E O SEAGA PARA O ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data quince de novembro de dous mil vinte e un (código de documento UAL15I008H), ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Medio Ambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Persoal, Mocidade, Voluntariado e Protección Civil, na sesión de data vinte e dous de novembro de dous mil vinte e un, que transcrita di:

“Asunto: “Adhesión do Concello de Culleredo ó Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e o SEAGA para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.”

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola disposición derradeira primeira da Lei 7/2012 do 28 de xuño de Montes establece as medidas preventivas que faciliten a loita contra o lume e que sirvan así mesmo para a posta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do desenvolvemento sustentable do medio rural.

Así, no artigo 8 establece que as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición.

Este convenio ten por obxecto instrumentar a cooperación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, Seaga, e a Fegamp, cos concellos que voluntariamente se adhiran ao presente convenio, mediante o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nos montes ou terreos forestais incluídos nas redes de faixas secundarias de xestión de biomasa.

A cooperación, que neste convenio se instrumenta, ten por fin garantir a prevención de incendios forestais, de modo que se acade a diminución do número de incendios forestais nas zonas de interface urbana garantindo así o interese público da seguridade de persoas e de bens.

Na actualidade xa se atopan adheridos (segundo nos informa o servizo xurídico do SEAGA) un total de 270 concellos o que supón un 86% do total nos que, en aproximadamente 70 parroquias prioritarias, o SEAGA xa comeza os traballos de xestión da biomasa.

A subscrición por parte dos concellos a este convenio implica as seguintes actuacións:

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0403 | USG/2021/202 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 0Z2P 0T37 4B4G 0S3R 0FBC | |

- Elaboración técnica da documentación necesaria para a aprobación do plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais e en particular, a labor necesaria para a determinación e definición das faixas secundarias de xestión de biomasa da súa competencia.
- Preparación técnica das comunicacións que deben ser enviadas ás persoas responsables polos concellos.
- Elaboración técnica do anuncio que para ser publicado no DOG e BOE con indicacións dos datos catastrais da parcela cando non se puidera determinar a identidade das persoas responsables ou resulte infrutuosa dita comunicación.
- Elaboración técnica dos documentos base dos actos administrativos para iniciar o procedemento de execución subsidiaria das obrigas de xestión da biomasa e retirada de especies arbóreas.
- Elaboración técnica dos documentos base para dar traslado da resolución de execución subsidiaria ao órgano competente para incoar o procedemento sancionador.
- Realización das actuacións de xestión da biomasa, derivadas da resolución de execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa adoptada polos concellos adheridos.

As vantaxes da adhesión a este convenio serían:

C.I.F. P-1503100-H

1. Acceder ao sistema publico de xestión nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa mediante a formalización de contratos de xestión da biomasa cos titulares (estas actividades serán xestionadas pola Administración autonómica de forma directa mediante SEAGA).

A tarifa a percibir polo SEAGA como prestadora do servizo será de 350 euros por hectárea e ano, a cal deberá aboar a persoa responsable do cumprimento das obrigas de xestión da biomasa que formalice o contrato regulados no réxime xurídico do servizo. Neste caso o Concello tería a obriga de recibir e remitir ao SEAGA as solicitudes das persoas titulares da parcelas incluídas nas faixas secundarias definidas no plan municipal.

Segundo os datos que constan na web da Consellería do Medio Rural, ata o 31.01.2020 asináronse un total de 1.850 contratos de adhesión de particulares afectaban a 5.486 parcelas distintas, que sumaban un total de 330,61 ha de superficie. De acordo co establecido no convenio, nestes casos o sistema público asume a xestión de biomasa, cun custo de 350 €/ha para as persoas titulares.

En total revisáronse 70.898 parcelas para inspeccionar e comprobar se os seus titulares estaban a cumprir coa súa obriga de xestionar a biomasa e de retirar árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril (principalmente eucaliptos, pinos e acacias). As parcelas inspeccionada supoñen un total de 4.567,60 ha.

2. A colaboración técnica da Administración da Comunidade Autónoma para a elaboración e tramitación do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais, así como a elaboración de toda a documentación técnica necesaria.

A redacción deste plan suporía ter delimitadas as faixas secundarias en todos os núcleos de poboación para poder dar cumprimento a xestión da biomasa.

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0403 | USG/2021/202 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 0Z2P 0T37 4B4G 0S3R 0FBC | |

3. A colaboración técnica da Administración da Comunidade Autónoma para o exercicio das competencias que corresponden aos concellos de execución subsidiaria regulada no artigo 22 da lei 3/2007, por razón de eficacia e por contar a Administración Autonómica con medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

4. Asistencia a través dunha plataforma de xestión e un visor (unificando tramites e procedementos), esta plataforma en 2019 xa contaba con 218 usuarios de 120 concellos

5. Revisada a documentación deste Convenio enténdese que a achega económica das entidades locais realizase dende a FEGAMP e non dende cada Concello. As entidades locais farán achegas mediante a creación dun subfondo específico dentro do Fondo de Cooperación Local, que incrementarán a dotación económica total do convenio na anualidade correspondente

Por todo o exposto, propónse ó Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

A adhesión do Concello de Culleredo ó Convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e o SEAGA en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.”

Aberta a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Liñares Gestal quen, unha vez concedido, procede á lectura da proposta presentada.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que o seu grupo non ten claro cal será o custo real que lle suporá ao Concello de Culleredo o que recolle a proposta que se presenta neste punto e indica que, unha vez máis, o equipo de goberno non escoita ás funcionarias habilitadas nacionais do Concello, á Sra. Secretaria e á Sra. Interventora, pois no expediente constan dous informes desfavorables sobre a proposta.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o que se presenta neste punto é un tema moi preocupante e di que non se refire a asinar o convenio senón a abordar a problemática que lle dá orixe como é o tratamento das franxas forestais e a biomasa nas contornas das vivendas, etc.; que desde o BNG teñen reclamado moitas veces sobre esta cuestión, sendo a última fai pouco e sobre a rúa Voces Ceibes e toda a caída que hai na estrada que sube en zig-zag, sobre a que os veciños están a agardar que se lles dea unha contestación porque máis alá de que a partir do día da sesión que se está a celebrar se queira tratar o problema dunha forma distinta, é dicir, mediante un convenio con outra administración, neste caso a Xunta de Galicia, recorda que a obriga xa existía e que non comeza neste día e di que ao seu grupo lle preocupa moito como se xestionou ata o de agora entre outras cousas porque o convenio referido data de 2018 polo que, se despois de avaliar os medios propios, se determinou que para o Concello era bo acollerse ao dito convenio, resulta un pouco raro que veña ao pleno tres anos máis tarde da súa sinatura entre a Fegamp e a Xunta; que ao seu grupo tamén lle preocupa que a interventora e a secretaria digan que non queda claro o custo que vai supoñer para o Concello pois hai un parágrafo que di que se fará un subfondo específico que é ben ambiguo e non é que só os membros do seu grupo non o entendan ben senón que tampouco o fan as habilitadas nacionais que ven que queda incerto o custo que suporía ao Concello e di que estaría ben que se sometera novamente á Xunta para que emitira unha aclaración e desaparecera a sensación de incertidume que crea.

Segue a dicir, dirixíndose ao Sr. Liñares Gestal, que non estaría de máis que dera unha pequena aproximación de como foi o tratamento estes últimos anos, os dous ou tres últimos anos, e ver como se tratou a obriga que ten o Concello de tratamento das franxas forestais e da biomasa das parcelas, indicando cantos requirimentos houbo a propietarios, cantas se atenderon de primeira vez, cantas houbo que repetir porque non se localizaban, en cantas houbo que chegar a unha execución subsidiaria e se executou, porque dicir isto é o que xustifica acollerse a unha solución distinta á que houbo ata o de agora e como se xestionou este tema porque a obriga naceu xa hai tempo e desde o BNG xa se recordou en moitas ocasións.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu grupo votará a favor do convenio porque vista a incapacidade do Concello para dar solución a este problema pensan que a colaboración técnica da Xunta supón unha boa oportunidade para o exercicio destas

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0403 | USG/2021/202 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 0Z2P 0T37 4B4G 0S3R 0FBC | |

competencias municipais por razón de eficacia e porque os medios dos que dispón a Xunta son idóneos para o seu desempeño.

De seguido solicita intervir de novo o Sr. Liñares Gestal e, unha vez autorizado, di que a proposta é para xestionar todas as parcelas que están pendentes porque hai un montón de fincas pendentes de que se realicen estes traballos que polos trámites que requiren se foron demorando e por ese motivo, para poder axilizarlas, se trae hoxe esta proposta; di que con respecto aos informes hai un do xefe de servizo de Economía e Facenda no que se indica que a adhesión do Concello ao convenio que se propón non supón ningún custo adicional para o Concello; di que no caso concreto de que o Concello, unha vez adherido ao antedito convenio, solicítase a execución das actuacións de xestión de biomasa cuxa realización non fora incluída na programación de actuacións de cada concello en función de criterios de prioridade establecidos, habería que achegar unha financiación para ditas actuacións; di que estas listas terían que ser estudadas porque non se sabe, cando na Xunta elaboren o mapa de franxas secundarias, cales se van adherir e cales non, sendo un pouco complicado saber a cantidade exacta.

A continuación solicita de novo o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que non entendeu o que dixo o Sr. Liñares Gestal sobre que ata que se faga unha determinada actuación non se pode determinar non sabe que, quedándolle claro o que dixo ao comezo da súa intervención respecto de que as zonas a xestionar son un montón, e pide que se afine a cantidade un pouco máis que a un montón porque hai anos xa que existe a obriga de facer os requerimentos e os tratamentos e supón que se poderá dicir por exemplo se no 2018 foron dúcias, ou centos, ou miles, porque dicir un montón non supón para nada unha aproximación e que sería interesante saber a cantidade aproximada para valorar a alternativa de cederlle o control desta cuestión a outra administración ou se resulta máis rendible que o faga a administración local pois sen iso non hai unha avaliación; que respecto do custo hai un informe que di que o que se propón non ten custo para o Concello pero hai dous informes que din que non queda claro que non o teña polo que unha vez máis o goberno municipal pide que se vote a cegas porque se pide que se vote algo sobre o que non se sabe o que lle vai custar ao Concello; di que o seu grupo, a priori, non estaría para nada en contra do que se recolle na proposta que se presenta porque hai que buscar solucións e a que se presenta podería ser unha delas, pero solicita que se faga unha consulta á Xunta ou á Fegamp sobre o que di porque tres anos despois da sinatura do convenio tampouco suporía nada agardar e saber o que se vai votar exactamente.

Segue a dicir o Sr. Chouciño Garrido que o voto do seu grupo será de abstención porque algunha solución hai que buscarlle ao problema da xestión de biomasa xa que en Culleredo xa houbo incendios.

A continuación fai uso da palabra a Sra. Alcadesa-presidenta en funcións e di que o Concello si fixo actuacións e que efectivamente un montón non é unha cantidade aproximada pero que os técnicos poden dicir a cantidade exacta; que o monte é un patrimonio de todos e algo a conservar e a ter presente e que no artigo 8 da lei de prevención de incendios se recolle que se dará prioridade á colaboración entre administracións para a mellora, a axilidade, e para poder, dun xeito moito máis rápido, dar respostas aproveitando todos os recursos e todos os medios porque as administracións poden por lei compartir.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 15 de novembro de 2021, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (14), dos/as Sres./as: Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, Seijas González, García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García

Votos en contra: ningún

Abstencións: cinco (5), dos/as Sres./as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 15 de novembro de 2021 polo que devén en acordo nos termos transcritos.

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0403 | USG/2021/202 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 0Z2P 0T37 4B4G 0S3R 0FBC | |

3.- PROPOSTA SOBRE RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES E APROBACIÓN DEFINITIVA DA CONCESIÓN DUN CRÉDITO EXTRAORDINARIO E DUN SUPLEMENTO DE CRÉDITO POR MEDIO DA CAL SE MODIFICA O ORZAMENTO PARA O EJERCICIO 2021.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada da área de Urbanismo e da área de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data dezoito de novembro de dous mil vinte e un (código de documento UEH15I00F7), ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Facenda, Patrimonio, Administración Electrónica, Urbanismo, Participación Cidadá, Educación e Medio Rural, na sesión de data vinte e dous de novembro de dous mil vinte e un, que transcrita literalmente di:

“PROPOSTA

O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 20 de outubro de 2021, aprobou inicialmente un expediente de crédito extraordinario e de suplemento de crédito, modificando así o Orzamento da Entidade para o exercicio de 2021.

No Boletín Oficial da Provincia de A Coruña de 22 de outubro 2021 publicouse o anuncio da devandita aprobación inicial do orzamento e da apertura dun prazo de quince días hábiles durante o que os interesados poideron examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Durante o devandito prazo, presentáronse as seguintes reclamacións contra a aprobación da devandita modificación:

- o 12 de novembro de 2021 (número de rexistro de entrada no Concello 2021/11643, na data indicada) dona Verónica Rivadulla Deschamps
- o 12 de novembro de 2021 (número de rexistro de entrada no Concello 2021/11758, o 16 de novembro) don José García Alfonso

Vistos os informes (códigos de documento UEH15I00EP e UEH15I00F5) emitidos polo xefe de servizo de economía e facenda e o informe UIT15I010W emitido pola interventora xeral que constan no expediente, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Rexeitar as alegacións presentadas xa que a elaboración e aprobación da modificación do Orzamento axustouse aos trámites establecidos na Lei das Facendas Locais, non omite o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á Entidade Local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo nen os ingresos manifestan insuficiencia con relación aos gastos presupostados ou ben destes respecto ás necesidades para as que estea previsto.

Segundo.- Aprobar definitivamente a concesión dun crédito extraordinario e dun suplemento de crédito por medio da cal se modifica o orzamento para o exercicio 2021.”

Aberta a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, procede á lectura da proposta presentada, indicando que sobre a mesma hai unha emenda de data vinte e catro de novembro de dous mil vinte e un (código de documento UEH15I00GQ) que xa se achegou coa documentación presentada para o pleno e que di o que de seguido se transcribe:

“ENMENDA AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, PATRIMONIO, ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA, URBANISMO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ, EDUCACIÓN E MEDIO RURAL

De conformidade co disposto no artigo 94 do real decreto 25687/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e á vista da certificación de

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0403 | USG/2021/202 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 0Z2P 0T37 4B4G 0S3R 0FBC | |

secretaría de acordo coa cal tense presentado unha reclamación máis das consideradas no momento de formular o ditame e unha vez solicitados novos informes ao respecto de tal reclamación, esta concelleira presenta a seguinte PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, PATRIMONIO, ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA, URBANISMO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ, EDUCACIÓN E MEDIO RURAL ADOPTADO EN SESIÓN DE 22 DE NOVEMBRO DE 2021.

Nos parágrafos terceiro e cuarto do ditame, onde di:

“Durante o devandito prazo, presentáronse as seguintes reclamacións contra a aprobación da devandita modificación:

- o 12 de novembro de 2021 (número de rexistro de entrada no Concello 2021/11643, na data indicada) dona Verónica Rivadulla Deschamps
- O 12 de novembro de 2021 (número de rexistro de entrada no Concello 2021/11758, o 16 de novembro) don José García Alfonso

Vistos os informes (códigos de documento UEH15I00EP e UEH15I00F5) emitidos polo xefe de servizo de economía e facenda e o informe UIT15I010W emitido pola interventora xeral que constan no expediente, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte”

Debe dicir:

“Durante o devandito prazo, presentáronse as seguintes reclamacións contra a aprobación da devandita modificación:

- o 20 de outubro de 2021 (número de rexistro de entrada no Concello 2021/11100) dona María Carmen Otero Sánchez presenta unha solicitude acompañada varias follas con sinaturas.
- o 12 de novembro de 2021 (número de rexistro de entrada no Concello 2021/11643, na data indicada) dona Verónica Rivadulla Deschamps
- o 12 de novembro de 2021 (número de rexistro de entrada no Concello 2021/11758, o 16 de novembro) don José García Alfonso

Vistos os informes que constan no expediente (códigos de documento UEH15I00EP, UEH15I00F5 e UEH15I00FJ emitidos polo xefe de servizo de economía e facenda e o informe UIT15I011S emitido pola interventora xeral), PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte”

C.I.F. P-1503100-H

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o primeiro que quere é felicitar que houbera alegacións veciñais pois a participación sempre é positiva e supón achegas e que o BNG no expediente modificativo de crédito que se aprobou na pasada sesión plenaria xa dixo que investir cinco dos sete ou oito millóns dos que o Concello dispón para investimento é o dobre do que en cada un dos últimos anos se destinou a investimento, o que quere dicir que se está a destinar o dobre do que nun ano normal se adica a investimento, polo que isto supón unha partida extraordinaria non xa só no que se refire á cuestión legal senón tamén na magnitude; di que hai aproximadamente un mes toda a Corporación se alegrou moitísimo coa achega extraordinaria que supoñían os fondos Edusi e non chegaban a catro millóns de euros, ascendendo o expediente modificativo de crédito a cinco millóns; di que isto debería valer para establecer as bases e acometer moitísimas infraestruturas e servizos que lle deran un impulso a tantas e tantas cuestións que están pendentes e pon como exemplo á veciñanza de Castro-Laxe que recolleu sinaturas cunha proposta como a que o mes pasado trouxo o BNG referida a que é necesario facer unha variante ao tráfico da Laxe porque esa zona non resiste máis; que se fala de cuestións estruturais e fala un veciño dun rueiro totalmente deprimido onde hai vivendas

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0403 | USG/2021/202 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 0Z2P 0T37 4B4G 0S3R 0FBC | |

abandonadas das que saen ratas, etc., e outro veciño que fala tamén doutro rueiro e que, en resumo, a veciñanza non está a pedir fontes luminosas, nin monumentos, nin luces de Nadal como as de Vigo, senón que está a falar de infraestrutura básica e por iso o seu grupo insiste tanto en que non é normal que, para un suplemento de crédito de cinco millóns de euros, o dobre do investimento dun ano normal dos últimos anos, non se conte co Consello Xeral de Participación Cidadá para utilizar ditos fondos en dar unha remodelación a Culleredo en tantos sitios nos que é necesario, podendo calificalo case como que a necesidade é xeral; di que o equipo de goberno non ve as alegacións como algo obrigado e que se trata de investimentos necesarios e que pola forma en que se tratou este tema de forma previa e como se tratan agora, a posteriori, as alegacións veciñais, o seu grupo anuncia que votará en contra de desestimar as alegacións presentadas.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que as alegacións veciñais presentadas solicitan un cambio de fins na utilización dos cinco millóns de remanentes e, tal como indican o xefe de servizo e a interventora municipal, non se axustan ás causas que a lei lexítima, con carácter exclusivo, como causas de impugnación, e por iso son desestimadas; di, dirixíndose á veciñanza, que isto é o que ocorre cando o equipo que goberna ten unha supermaioría absoluta, que eles o guisan e eles o comen, sen ter en conta propostas dos grupos políticos da oposición que recollen necesidades de moitos veciños que, aínda que votaran ao grupo político que goberna, non se están sentindo para nada representados nin defendidos polo equipo de goberno actual; di que o seu grupo se absterá tanto no que se refire á desestimación das alegacións como na aprobación final do modificativo polos mesmos motivos que alegaron no pleno pasado cando se aprobou inicialmente.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político PSdeG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que os investimentos xa se propuxeron no pleno de data 20 de outubro cando se aprobou inicialmente o expediente e, dirixíndose á Sra. García Gorostizu, di que foron propostas polos veciños e veciñas de Culleredo que son tidas en conta polo equipo de goberno; di que nesta sesión o que se propón é rexeitar as alegacións pois non se está no momento de facer novas propostas e as alegacións presentadas non poden ser estimadas polos motivos recollidos nos informes que referiu a Sra. Gorostizu, tanto no informe do xefe de servizo de Economía e Facenda como da interventora municipal.

C.I.F. P-1503100-H

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a emenda presentada.

Intervén o Sr. Chouciño Garrido e solicita a lectura da emenda presentada, entendendo que forma parte dunha proposta de rexeitala.

Fai uso da palabra a Sra. Iglesias Becerra e di que o texto da emenda xa estaba incluído no texto que leu na súa primeira intervención neste punto, cando dixo que “tendo en conta a existencia dunha emenda” e que non leu o número de código de documento pero o resto si que o leu, engadindo que se así o solicitan o volverá a ler.

O Sr. Chouciño Garrido di que el o único que quere é aclarar a súa dúbida pois tiña entendido que o que se ía votar era a proposta xa emendada e non que houbera que votar por separado a emenda e solicita que, para que quede claro, polo menos ao seu grupo, se lea o texto da emenda.

A Sra. Iglesias Becerra indica que, posto que con posterioridade á certificación rexistral, apareceu unha alegación, o que se engade á primeira proposta é o seguinte parágrafo: “o 20 de outubro de 2021 (número de rexistro de entrada no Concello 2021/11100) dona María Carmen Otero Sánchez presenta unha solicitude acompañada varias follas con sinaturas.”; di que a continuación se nomean as dúas reclamacións que xa estaban recollidas e o parágrafo seguinte se modifica incluíndo o código de documento do informe do xefe de economía e facenda sobre a reclamación que non estaba incluída na proposta, co código de documento UEH15I00FJ, e o informe emitido pola interventora xeral ao respecto, con código de documento UIT15I011S, quedando o parágrafo redactado da seguinte forma:

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0403 | USG/2021/202 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 0Z2P 0T37 4B4G 0S3R 0FBC | |

“Vistos os informes que constan no expediente (códigos de documento UEH15I00EP, UEH15I00F5 e UEH15I00FJ emitidos polo xefe de servizo de economía e facenda e o informe UIT15I011S emitido pola interventora xeral), PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte”

A continuación a Presidencia somete a votación ordinaria a emenda (código de documento UEH15I00GQ), obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14), dos/as Sres./as: Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, Seijas González, García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García

Votos en contra: ningún

Abstencións: cinco (5), dos/as Sres./as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a emenda de data 24 de novembro.

A continuación a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da área de Urbanismo e da área de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data 18 de novembro de 2021 (código de documento UEH15I00F7) coas modificacións que resultan da emenda aprobada, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), dos/as Sres./as: Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González,

Votos en contra: dous (2), dos/as Sres./as: Chouciño Garrido e Pérez Mosquera,

Abstencións: cinco (6), dos/as Sres./as: García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da concelleira delegada da área de Urbanismo e da área de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data 18 de novembro de 2021 (código de documento UEH15I00F7) coas emendas, quedando polo tanto o texto do acordo adoptado do seguinte xeito:

“O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 20 de outubro de 2021, aprobou inicialmente un expediente de crédito extraordinario e de suplemento de crédito, modificando así o Orzamento da Entidade para o exercicio de 2021.

No Boletín Oficial da Provincia de A Coruña de 22 de outubro 2021 publicouse o anuncio da devandita aprobación inicial do orzamento e da apertura dun prazo de quince días hábiles durante o que os interesados poideron examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Durante o devandito prazo, presentáronse as seguintes reclamacións contra a aprobación da devandita modificación:

- o 20 de outubro de 2021 (número de rexistro de entrada no Concello 2021/11100) dona María Carmen Otero Sánchez presenta unha solicitude acompañada varias follas con sinaturas.
- o 12 de novembro de 2021 (número de rexistro de entrada no Concello 2021/11643, na data indicada) dona Verónica Rivadulla Deschamps
- o 12 de novembro de 2021 (número de rexistro de entrada no Concello 2021/11758, o 16 de novembro) don José García Alfonso

C.I.F. P-1503100-H

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0403 | USG/2021/202 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 0Z2P 0T37 4B4G 0S3R 0FBC | |

Vistos os informes que constan no expediente (códigos de documento UEH15I00EP, UEH15I00F5 e UEH15I00FJ emitidos polo xefe de servizo de economía e facenda e o informe UIT15I011S emitido pola interventora xeral), PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Rexeitar as alegacións presentadas xa que a elaboración e aprobación da modificación do Orzamento axustouse aos trámites establecidos na Lei das Facendas Locais, non omite o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á Entidade Local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo nen os ingresos manifestan insuficiencia con relación aos gastos presupostados ou ben destes respecto ás necesidades para as que estea previsto.

Segundo.- Aprobar definitivamente a concesión dun crédito extraordinario e dun suplemento de crédito por medio da cal se modifica o orzamento para o exercicio 2021.”

4.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, DECLARACIÓN INSTITUCIONAL 25 DE NOVIEMBRE DE 2021.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da declaración institucional dos catro grupos políticos que conforman a Corporación de Culleredo, de data vinte e dous de novembro de dous mil vinte e un, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

A continuación a Sra. Alcaldesa en funcións lle solicita á señora Secretaria xeral que proceda coa lectura da declaración.

A Secretaria xeral procede á lectura da declaración institucional de data 22 de novembro de 2021, relativa ao día 25 de novembro de 2021, declarado Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, que transcrita literalmente di:

“A loita contra a violencia machista é un dos retos máis grandes para a sociedade galega e para a humanidade no seu conxunto. A forza do feminismo fai que o 25 de novembro, declarado Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas no ano 1999, sexa unha data de denuncia e reivindicación que convida a reflexionar e actuar para avanzar na súa prevención, sensibilización e erradicación.

A pandemia da covid-19 trouxo ao naso contexto actual unha importante crise sanitaria, social e económica que atravesada de forma moi intensa a realidade das mulleres, un dos sectores máis afectados da nosa sociedade. É evidente que neste contexto, aínda que invisibilizada, a violencia machista continuou connosco. Asociacións de mulleres, institucións e profesionais de diferentes ámbitos coinciden na grave afección das medidas de confinamento e de restrición de actividade e mobilidade social para a actuación sobre a violencia machista e o grave risco para milleiros de mulleres.

Entre outros exemplos, podemos sinalar como na súa Memoria anual do ano 2020, coñecida en outubro, a Fiscalía Superior de Galiza sinala que hai un nicho de criminalidade que a pandemia ocultou e que no ámbito da violencia machista "o nivel de convivencia que a situación xerou, sen ningunha dúbida, supuxo un aumento que as cifras derivadas da fría estatística non reflicten, pero que aparecerá seguramente nun futuro non moi afastado ao atoparse actualmente soterrada, de forma que pronto, entendemos, xurdirá un goteo de procedementos cuxa orixe ou aparición se deriva da pandemia.”

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0403 | USG/2021/202 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 0Z2P 0T37 4B4G 0S3R 0FBC | |

Todos estes datos fan que sexa necesario, abordar a necesidade de fortalecer os medios existentes e de adquirir máis compromisos orzamentarios, legislativos e políticos.

Os Concellos somos para a cidadanía a administración tanxible. A relación directa coa poboación convértenos nun actor esencial en calquera política, pero de xeito especial naquelas que inciden directamente nas persoas. O compromiso dos Concellos fronte a violencia de Xénero persegue erradicar este tipo de maltrato invisible que oprime ás mulleres impedíndolles o seu desenvolvemento e traballa na concienciación para que a igualdade sexa inherente á nosa sociedade.

Nos últimos anos Galiza é exemplo de importantes avances institucionais, como o recoñecemento da violencia vicaria como violencia machista, avances que van acompañados de importantes mobilizacións sociais. Estes feitos dan conta do gran rexeitamento á violencia machista da sociedade galega, como tamén reflicten os datos da enquisa sobre percepción da violencia de xénero por parte da sociedade galega, que sinala como o 80% da sociedade entende que este é un problema social que atinxe a todas as persoas e non se circunscribe ao ámbito privado.

Por todos estes motivos, desde o Concello de Culleredo este 25 de novembro queremos manifestar os seguintes compromisos:

C.I.F. P-1503100-H

1. Rexeitamos de maneira expresa e clara calquera acto de violencia contra as mulleres no marco do fomento dunha cultura da igualdade e do respecto á diversidade. Desde esta institución comprometémonos a traballar en incorporar a perspectiva de xénero de forma integral en todas as decisións que se adopten.
2. Instamos ás demais administracións, institucións, entidades públicas e privadas, axentes sociais e á cidadanía en xeral, a sumarse a esta declaración de denuncia e compromiso para erradicar calquera tipo de violencia contra as mulleres.
3. Reafirmamos o noso compromiso en seguir a traballar nos programas de sensibilización e intervención, destinados á poboación xeral, e especialmente aos máis xoves, traballando pola igualdade e a eliminación da violencia machista.
4. Subliñamos o valor das mulleres no desenvolvemento social, económico, intelectual e humano, e por tanto, a necesidade de asegurar a súa participación plena e efectiva en todos os niveis de liderado e decisorios da vida política, económica e social, tanto pública coma privada.
5. Requirimos recursos económicos e humanos para a implementación de proxectos de axuda e empoderamento das mulleres.
6. Demandamos a mellora e prioridade das políticas e leis a favor do desenvolvemento das mulleres, garantindo a súa aplicación en calquera espazo e circunstancia para protexer os seus dereitos."

A continuación a Presidencia somete a votación ordinaria a declaración institucional transcrita, resultando aprobada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación a declaración institucional devén en acordo nos termos transcritos.

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0403 | USG/2021/202 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 0Z2P 0T37 4B4G 0S3R 0FBC | |

5.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO BNG SOBRE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE PRESENTACIÓN NOS XULGADOS DE SOLICITUDE DE EXECUCIÓN PROVISIONAL DA SENTENZA DE RECUPERACIÓN DOS BENS DO CENTRO LOXÍSTICO DE TRANSPORTES.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político do BNG, de data 22 de novembro de 2021, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“O Grupo Municipal do BNG achega, para o seu debate plenario e aprobación, se proceder, a seguinte moción para “Incoar expediente de presentación nos xulgados de solicitude de execución provisional da sentenza para a recuperación dos bens do Centro Loxístico de Transportes”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No último Pleno, a Concelleira de Facenda, Patrimonio, Contratación, Administración electrónica e Urbanismo, respondeu á pregunta do BNG sobre a sentenza do Incidente Concursal para o rescate dos bens municipais do Centro Loxístico de Transportes, que xa existía unha sentenza recoñecendo que unha parte dos bens deben ser entregados ao Concello de Culleredo pero que “non nos recoñecían todos os bens” e que por iso o Concello de Culleredo recorreu a sentenza.

As sentenzas poden ser executadas provisionalmente, e así nolo demandou precisamente OBRALAR cando o xulgado lle deu a razón no relativo á liquidación, como tivemos ocasión de escoitar tamén en Plenos anteriores, malia estar recorrida polo Concello en Casación.

Por tanto, non se entendería que mentras a nós, o Concello de Culleredo, nos demandan unha execucion de sentenza por uns dereitos recoñecidos provisionalmente malia a sentenza estar reocorrida en casacion e non ser firme; pola contra, non exerzeramos o dereito a que se execute provisionalmente a sentenza que nos recoñece dereitos ao Concello, titolare deses bens públicos, malia que posteriormente poida mudar o recollido no fallo, agardemos que con maior éxito para o patrimonio público.

É por todo o anteriormente exposto que propoñemos ao pleno da corporación, no exercicio das súas competencias, a seguinte proposta de ACORDO:

1. Incoar expediente de presentación nos xulgados de solicitude de execución provisional da sentenza de recuperación dos bens do Centro Loxístico de Transportes que foron xa recoñecidos como de obrigada entrega ao patrimonio público municipal.“

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, fai unha presentación da moción presentada e di que se está a falar, se non recorda mal, de que no 2016 houbo un rescate da concesión administrativa do Centro Loxístico de Transportes onde se determinaba que había unha serie de bens que tiñan que revertir ao Concello, como o aparcamento de camións, os edificios administrativo e de recepción de visitantes, os viais, as zonas verdes, a báscula, etc; que o Concello ten recurrido unha sentenza que di que o Concello efectivamente ten razón e que teñen que ser entregados os bens ao Concello, aínda que a señora concelleira di que a sentenza non recolle a totalidade dos bens a revertir e que por iso está recurrida; di que as sentenzas poden ser executadas provisionalmente e que así o demandou a

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0403 | USG/2021/202 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 0Z2P 0T37 4B4G 0S3R 0FBC | |

exconcesionaria, Obralar, cando nun pleito distinto o Xulgado lle deu a razón no relativo á liquidación tal e como se tivo ocasión de escoitar en plenos anteriores, malia estar recurrida polo Concello de Culleredo en casación; di que son dúas cousas distintas pero que se pode facer o paralelismo entre elas pois se a exconcesionaria lle demanda ao Concello a execución da sentenza o Concello tamén pode demandar a execución provisional da outra sentenza que lle recoñece dereitos ao Concello.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político popular, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que en relación coa moción que se presenta neste punto o seu grupo cre que o idóneo, se realmente se quere acadar consenso na Corporación, sería solicitar a convocatoria dunha comisión especial ou unha reunión dos grupos co fin de analizar o expediente completo e en concreto a sentenza da que fala a moción; di que se pide un apoio a unha iniciativa individual, non separada do goberno, que é quen ten o poder de decisión, senón de toda a oposición no seu conxunto polo que, ou ben se pretende que iso non saia adiante, ou se trata dun golpe de ego sen resultado; di que na intervención do Sr. Chouciño Garrido no punto número 2, este dixo que o PSOE pedía o voto a cegas sen darse conta de que neste punto fai o mesmo o BNG pois non se coñece nin o custo de aceptar a execución parcial da sentenza de maneira provisional nin o custo de oportunidade que supón unha execución provisional dunha sentenza, non tratándose dun tema á lixeira un procedemento concursal; di que o custo que pode supoñer para o Concello, sen analizarse a sentenza no seu conxunto e moito menos sen tela visto nin informado nin Secretaría nin os servizos xurídicos, en concreto esa execución provisional, pode ter consecuencias prexudiciais para o Concello.

C.I.F. P-1503100-H

Segue a dicir que o que se propon non é a forma correcta de actuar, xa non só en canto a dereito senón tamén en canto á democracia que o BNG defende pois non contan en ningún punto coa oposición do Concello; di que o BNG ten o voto do partido popular para solicitar a análise de posibles escenarios xurídicos para a execución provisional e estudar se compensa ou non realizala e engade que o que non se pode pretender é un cheque en branco cada vez que se trae unha moción ao pleno e menos cando as ditas mocións non son debidamente preparadas nin estudadas; di que por todo o exposto o seu grupo reitera o apoio no asunto pero non no que se pretende en concreto polo que anuncia que non poden votar a favor e solicita que se retire provisionalmente a moción e se busque un consenso ben formado de todos os grupos.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político PSdeG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que está totalmente de acordo coas palabras ditas polo Sr. Prieto García respecto de que o que solicita a moción que se presenta non é un tema que se poida tomar á lixeira e que pode ter consecuencias polo que o seu grupo adianta que o seu grupo votará en contra da moción porque non considera oportuno solicitar a execución da sentenza nun momento procesal en que xa está designado ponente no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia desde fai máis de catro meses e polo tanto, debera estar a punto de saír a sentenza de apelación.

A continuación solicita novamente o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido e di que lle sorprente, porque non é a primeira vez que sucede unha cousa similar, e di que cando na proposta se di "Incoar expediente de presentación nos xulgados" o que se fai é incoar, que é o mesmo que iniciar, o que significa iniciar unha tramitación dun expediente con todas as consecuencias e con todas as cuestións das que tanto o Sr. Prieto García como a Sra. Iglesias Becerra veñen de falar; di que puidera ser que fora mellor tratalo nunha comisión especial e lle di ao Sr. Prieto García que o seu grupo o podería ter proposto e presentado unha emenda para valoralo pois o BNG actúa sempre buscando o interese público estando sempre dispostos a escoitar a todo o mundo; que considera que non ten nada de malo iniciar un expediente, abri-lo e ir solicitando todo o necesario para chegar a unha conclusión; di que a Sra. Iglesias Becerra comentou que está a punto de saír a sentenza de apelación e que di a punto cando este expediente leva desde o 2016 dando voltas, ramificándose dunha forma que non debera e non se dá resolto; di que a comisión de Facenda do mes en curso non tivo o apartado de rogos e preguntas ao ser extraordinaria por cambiala o goberno municipal do xoves para o luns e di que, se houbera un talante máis democrático, non habería problema en incluír o punto de rogos e preguntas ou a facelas aínda que non estivera contemplado na orde do día e

13 de 36

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0403 | USG/2021/202 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 0Z2P 0T37 4B4G 0S3R 0FBC | |

que, como non é así, a capacidade de consulta e de determinación de cuestións previas vese limitada; que non ve cal pode ser o motivo de votar en contra da moción que se presenta e que se algún grupo quere modificar algo pode presentar unha emenda e se valoraría pero se deberían botar contas do que está rentando a mans alleas por exemplo o aparcadoiro de camiões do Centro Loxístico, que podería ter unha cifra de cinco ceros, e di que pide que se reconsidere o voto porque considera que os ditos bens deberían formar parte do patrimonio municipal e se vote a favor porque é de xustiza.

De seguido solicita de novo o uso da palabra o concelleiro do grupo político popular, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que considera que hai varios erros de fondo no argumento porque cando se debaten cuestións urbanísticas, xurídicas ou económicas, deben estar examinadas por un técnico pois non se trata de cuestións políticas; di que non se trata de que os bens do Concello estean en mans de terceiros senón de que hai unha administración concursal que se encarga de administrar ditos bens por auto xudicial e non están en mans da concursada tratándose dun procedemento concursal puro, regulado así no dereito mercantil español; di que non se concreta como se quere iniciar o expediente do que falou o Sr. Chouciño Garrido, quen dixo que se debería iniciar en favor do benestar dos cidadáns cando non se sabe se executar a sentenza provisionalmente vai supoñer máis custo que beneficio polo que non se pode pretender iniciar o dito expediente, co conseguinte traballo para técnicos, funcionarios e demais persoal do Concello, xa de por si bastante colapsado, sen ter estudado antes o expediente, analizado a sentenza e pedir o voto dos demais grupos sen nin sequera tratar o tema con eles.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político PSdeG-PSOE Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que non sabe moi ben a que veu o comentario feito polo Sr. Chouciño Garrido respecto de que o equipo de goberno convoca unha comisión que non tiña o punto de rogos e preguntas e di que o goberno municipal convocou unha comisión extraordinaria e urxente porque non se puideron contestar as alegacións por mor do periodo de tempo de exposición pública ás alegacións ao crédito extraordinario que hoxe se trae ao pleno; di que as comisións extraordinarias e urxentes teñen que estar xustificadas e non levan o apartado de rogos e preguntas, engadindo que ela nunca se negou a responder a nada e que o equipo de goberno é o máis interesado en recuperar os bens pero que lle ten que dar a razón ao Sr. Prieto cando fala de que incoar expediente de presentación nos xulgados non procede, pensando ela que o tema sería decidir se interpoñer ou non a demanda executiva, sendo unha decisión totalmente técnica, e di que o equipo de goberno sempre sigue as instrucións dos profesionais que aconsellan non solicitar a execución provisional tendo en conta os intereses municipais; di que o aparcamento de camiões referido polo Sr. Chouciño Garrido non é un dos bens con posibilidade de recuperar coa sentenza provisional e que hai que agardar á sentenza definitiva.

Segue a Sra. Iglesias Becerra e di que, efectivamente, é un expediente que leva xa moito tempo porque hai procedementos xudiciais que se complican e levan moito tempo, e indica que a complicación non é nesta fase, na que soamente queda ditar sentenza e na que xa está o ponente designado, podendo ser maior o custo de interpoñer a demanda executiva que esperar a demanda definitiva de resolución deste procedemento.

Seguidamente solicita o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que el dixo que os bens referidos están en mans de terceiros e fala de estritos términos legais, e pregunta se o goberno municipal está a cobrar o aluguer deses bens, se se cobra o que pagan os camioneiros por aparcarse no aparcamento, respondendo el mesmo que non, e di que cando o seu grupo di que os bens están en mans de terceiros refírese a estas cousas; di que o Sr. Prieto García di que está en mans dunha administración concursal, sendo o caso que está en mans alleas e non lle está rendindo ao Concello e di que, aínda co risco de volver a escoitar ao Sr. Prieto Gardía con requisitos estritamente legais, o seu grupo volverá a traer iniciativas reclamando a quen estivo reivindicando, cobrando, obtendo lucro, por uns bens que non lle pertencían, pois deben esixirse e, respondendo ao dito sobre se isto é unha cuestión política, di que si o é porque o pleno é unha dirección política do Concello e non unha dirección administrativa polo que, con máis ou menos acertos legais, considera que si ten os elementos esenciais mínimos a

C.I.F. P-1503100-H

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0403 | USG/2021/202 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 0Z2P 0T37 4B4G 0S3R 0FBC | |

proposta que se presenta neste punto para que se aborde uha cuestión que leva moito tempo andando e rendindo a quen non debe, pois a quen debería rendir é ao Concello de Culleredo.

Segue a dicir o Sr. Chouciño que a Sra. Marta Iglesias di que non entende o que el comentou sobre a comisión e que el xa dixo máis veces que o equipo de goberno pode facer todos os plenos, as comisións informativas e as xuntas de voceiros extraordinarias que queiran pero que o que non poden facer é saltarse as ordinarias que están establecidas no pleno de organización e saltarse o punto de rogos e preguntas facendo unha extraordinaria; di que aínda que poida preguntar igual, como ben dixo a Sra. Iglesias Becerra, o punto non vai na orde do día e xa non sería a primeira vez que nalgunha comisión se dixo que non había rogos e preguntas; di que no pleno de organización están fixadas as comisións informativas ordinarias, que cadran ao xoves anterior á celebración do pleno ordinario, que é o último xoves de mes, que está organizado así e que o pasado xoves non houbo comisión informativa ordinaria de Facenda; di que a Sra. Iglesias Becerra dixo que precisamente o aparcamento é unha das cuestións que non revirte polo que lle solicita que aproveite para informar de cales son os bens que se vén afectados e cales non e os motivos polos que algúns non revirten; di que aínda que o BNG, que presenta a moción que se debate, é quen ten o dereito de pechar a quenda de intervencións, lle pide á Sra. Iglesias Becerra que faga uso da palabra para informar á veciñanza e a toda a Corporación municipal de cales son os bens que teñen que revertir ao Concello e cales non e polo tanto, haberá que recurrir para que poidan revertir.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político do BNG, de data 22 de novembro de 2021, obténdose o seguinte resultado:

C.I.F. P-1503100-H

Votos a favor: cinco (5), dos/as Sres./as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: once (11), dos/as Sres./as: Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González.

Abstencións: tres (3), dos/as Sres./as: García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García.

Á vista do resultado da votación a moción do grupo político do BNG non resulta aprobada.

6.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO BNG SOBRE SOLICITUDE DO INICIO DOS TRABALLOS PARA A ELABORACIÓN DUNHA NOVA PLANIFICACIÓN ESCOLAR DE CULLEREDO.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político do BNG, de data 22 de novembro de 2021, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“O Grupo Municipal do BNG achega, para o seu debate plenario e aprobación, se proceder, a seguinte moción para solicitar da Consellería de Educación “a elaboración dun novo mapa escolar de Culleredo”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunidade escolar de Culleredo leva semanas facendo reivindicacións contra os recortes da Xunta en persoal e outros recursos.

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0403 | USG/2021/202 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 0Z2P 0T37 4B4G 0S3R 0FBC | |

Segundo soubemos polo comunicado do Concello de Culleredo respecto da última reunión do Consello Escolar Municipal, a inspectora de zona recoñecía que a planificación de Culleredo “está obsoleta” e que cabería revisala antes do 1 de marzo que é cando entra en vigor a nova Planificación Xeral que atinxe a Culleredo. Unha afirmación tan rotunda sobre un problema que ven sendo reivindicado de hai tempo, proporciona unha oportunidade que non se debe deixar escapar, compre un apoio da Corporación Municipal á demanda dunha solución ao problema por fin recoñecido pola autoridade da Xunta.

En Culleredo a comunidade escolar da zona rural hai tempo que se ten organizado para reivindicar unha cuestión que vense convertindo en histórica, a creación dunha oferta de Ensino Secundario Obrigatorio (ESO) na zona rural.

A nova planificación escolar debería refacer o mapa de distribución e asignación das zonas de residencia do alumnado aos centros de referencia en función dos centros existentes a día de hoxe, máis tamén, recoller unha valoración en función dun futuro centro que imparta a ESO na zona rural, xa que isto permitiría unha reconfiguración dos centros de secundaria e en particular a desconxestión do centro Eduardo Blanco Amor, que permitiría unha compensación do reparto de alumnado entre este e o Rego de Trabe. A mellora no servizo ao alumnado redundaría ademais nun menor tempo no transporte daquel que se despraza desde a zona rural ata o centro de Vilaboa, co conseguinte incremento do tempo para o descanso, o lecer e o estudo.

É por todo o anteriormente exposto que propoñemos ao pleno da corporación, no exercicio das súas competencias, a seguinte proposta de ACORDO:

C.I.F. P-1503100-H

1. Demandar da Xunta de Galiza o inicio inmediato dos traballos precisos para a elaboración dunha nova planificación escolar de Culleredo que teña en conta que se debe impartir Ensino Secundario Obrigatorio na zona rural.”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político popular, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que o seu grupo vai apoiar a moción pois para eles os veciños de Culleredo son o primeiro e non soamente defender os intereses da Xunta como nalgúns ocasións quixo dar a entender a Corporación municipal.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político PSdeG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di que o seu grupo tamén vai apoiar a moción pois tanto en fondo, como practicamente case tamén na forma, aseméllase moito á que o seu grupo político presentou no mes de decembro de 2019.

Seguidamente solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que agradece o anuncio dos grupos que veñen de dar o apoio á súa proposta e que simplemente vai facer unha aclaración, tal como comentou na última sesión da xunta de voceiros, respecto de que, efectivamente, en base a que xa existe esa organización da zona rural para esa demanda e de que xa se aprobou no Concello de Culleredo unha moción sobre que realmente é necesario un centro de ESO na zona rural de Culleredo, o que fai o BNG é aproveitar a oportunidade de que a inspectora de zona, que é quen sentencia esta cuestión, di que a planificación de Culleredo está obsoleta e por iso non queren deixar pasar esta ocasión.

A continuación, a Presidencia somete a votación a moción do grupo político do BNG, de data 22 de novembro de 2021, resultando aprobada por unanimidade dos señores/as concelleiros asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo político do BNG de data 22 de novembro de 2021 anteriormente transcrita.

7.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLARÍAS DELEGADAS

A Presidencia, de conformidade co disposto no art. 55 do ROM, dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola alcaldía e concellarías delegadas, que comprenden un total de 215 resolucións numeradas da 1925 á 2139 do ano 2021, que se relacionan deseguido:

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO | PLENO 25-11-2021 |
|-----------------|------------|--|------------------|
| 1925 | 21/10/2021 | Complementación da resolución núm. 1850/2021 da concelleira delegada de Urbanismo consistente na omisión da mercantil Monbake Grupo Empresarial SAU na parte expositiva e dispositiva. | |
| 1926 | 21/10/2021 | Orde de anotación no Rexistro municipal de subvencións das resolucións relativas á concesión de subvencións ou axudas durante o período comprendido entre o 1 de xullo de 2021 e o 30 de setembro de 2021. | |
| 1927 | 21/10/2021 | Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Voceiros do 22-10-2021. | |
| 1928 | 21/10/2021 | Convocatoria á sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 26-10-2021. | |
| 1929 | 21/10/2021 | Delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D. ^a María Guadalupe Pombo Carril, o día 22-10-2021. | |
| 1930 | 25/10/2021 | Convocatoria á sesión ordinaria do Pleno Municipal do 28-10-2021. | |
| 1931 | 25/10/2021 | Aprobación da certificación núm. 4 (corrixida) da obra "Remodelación de praza e parque infantil en Vilaboa (igreja)". Contratista adjudicatario: Oziona soluciones técnicas de entretenimiento SL. Total certificación (IVE engadido): 24.307,86€. | |
| 1932 | 25/10/2021 | Denegación da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar, do servizo de Xantar na casa e do servizo de Teleasistencia domiciliaria a A.R.F. | |
| 1933 | 25/10/2021 | Concesión a U.G.B. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | |
| 1934 | 25/10/2021 | Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia de A.B.R. | |
| 1935 | 25/10/2021 | Declaración do desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar formulado por E.R.F. | |
| 1936 | 25/10/2021 | Autorización, disposición, recoñecemento obriga e orde de pago a favor Fundación Pedro Barrié de la Maza de 1.060,82€ en concepto de recálculo da responsabilidade por demora. (Expropiación terreos equipamento escolar zona Lavandeira). | |
| 1937 | 25/10/2021 | Concesión a S.B.C. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€. | |

C.I.F. P-1503100-H

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO | PLENO 25-11-2021 |
|-----------------|------------|---|------------------|
| 1938 | 25/10/2021 | Aceptación do desestimento da solicitude do Servizo de Teleasistencia domiciliaria formulado por M.C.S. | |
| 1939 | 25/10/2021 | Concesión a S.A.N. dunha axuda económica para Bono de alimentos tipo C e bono de hixiene tipo B, durante 6 meses cunha entrega mensual. | |
| 1940 | 25/10/2021 | Concesión a S.L.M. dunha axuda económica para o pago de auga por importe de 243,75€ correspondente ao 3º e 4º trimestre de 2020, 1º e 2º trimestre de 2021 e máis. | |
| 1941 | 25/10/2021 | Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio de A.R.S. | |
| 1942 | 25/10/2021 | Concesión a C.E.G.A. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€. | |
| 1943 | 25/10/2021 | Concesión a S.L.B.B. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€. | |
| 1944 | 25/10/2021 | Baixa de J.M.R.S. no servizo municipal de axuda a domicilio. | |
| 1945 | 25/10/2021 | Aceptación do desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar formulado por M.L.M.P. por mor do falecemento da súa nai M.L.P.B. | |
| 1946 | 25/10/2021 | Aprobación da certificación núm. 2 da obra "Adecuación do campo de fútbol do C.E.I.P. de Tarrío". Contratista adxudicatario: CANARGA SL. Total certificación (IVE engadido): 58.763,89€. | |
| 1947 | 25/10/2021 | Concesión a M.G.L. do Servizo de Teleasistencia domiciliaria e denegación a J.S.P. do Servizo de Teleasistencia domiciliaria. | |
| 1948 | 25/10/2021 | Concesión a L.S.G.L. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€. | |
| 1949 | 26/10/2021 | Autorización, disposición, recoñecemento de obriga e ordenación do pago da factura (Operación 220210014479) por un importe total de 395,00€. | |
| 1950 | 26/10/2021 | Aboamento a B.G.P. horas extra por servizos extraordinarios realizados fóra da súa xornada normal de traballo. Consta dilixencia secretaria. | |
| 1951 | 26/10/2021 | Aprobación das nóminas dos empregados públicos deste concello correspondentes ao mes de outubro de 2021. Consta dilixencia secretaria. | |
| 1952 | 26/10/2021 | Concesión a P.S.R. e M.E.M.L. da licenza municipal de obras, por caducidade da anterior, para a construción dunha vivenda unifamiliar nunha parcela situada na rúa Fonte do Picho - Sésamo. | |

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO | PLENO 25-11-2021 |
|-----------------|------------|---|------------------|
| 1953 | 26/10/2021 | Aprobación da certificación única da obra "Rehabilitación do pavimento na R/. Pérez de Traba (VP-93)". Contratista adxudicatario: CANARGA SL. Total certificación (IVE engadido): 27.290,00€. | |
| 1954 | 26/10/2021 | Aprobación dos padróns/matriculas do Prezo público polas prestacións de apoio á autonomía persoal e atención á dependencia (PAAD) correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro de 2021. | |
| 1955 | 27/10/2021 | Concesión a M.V.M. e M.J.O.B. da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar situada na rúa Juana Capdevielle, parroquia de Orro. | |
| 1956 | 27/10/2021 | Aprobación expediente xeración crédito financiamento proxecto obradoiro emprego "Rehabilitación casa peóns camiñeiros" para 20 alumnos/as traballadores/as por importe de 346.946€ e o importe de 28.500€ para incentivos á contratación laboral. | |
| 1957 | 27/10/2021 | Aprobación lista provisional aspirantes admitidos e excluídos proceso selectivo convocado para formación polo sistema concurso-oposición dunha lista de substitución de auxiliar administrativo (persoal funcionario interino). Consta dilixencia secretaria. | |
| 1958 | 28/10/2021 | Concesión da excedencia por cuidado de fillo menor de tres anos a E.G.G. desde o día 3 de novembro de 2021 ata o día 13 de maio de 2022 (ambos os dous incluídos). | |
| 1959 | 28/10/2021 | Autorización a M.G.R.M., tesoureira municipal, para a realización do trámite de solicitude da emisión de certificado de estar ao corrente coas obrigas coa facenda da Comunidade Autónoma ante a Axencia Tributaria de Galicia. | |
| 1960 | 28/10/2021 | Levantamento reparo UIT15I00X5 que formula a intervención municipal e avocación da competencia para a contratación laboral temporal do persoal do obradoiro dual de emprego "Rehabilitación casa peóns camiñeiros". Consta nota informativa secretaria 77/2021. | |
| 1961 | 29/10/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de C.R.A. | |
| 1962 | 29/10/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de O.M.V. e J.P.M. | |
| 1963 | 29/10/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de S.V.P. | |
| 1964 | 29/10/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de C.J.C.P. e máis. | |
| 1965 | 29/10/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.M. e máis. | |

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO | PLENO 25-11-2021 |
|-----------------|------------|--|------------------|
| 1966 | 29/10/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de X.C.A.C. | |
| 1967 | 29/10/2021 | Convocatoria á sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 03-11-2021. | |
| 1968 | 29/10/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.V.F. e máis | |
| 1969 | 29/10/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de A.I.M.U. | |
| 1970 | 29/10/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.C.Y.E. | |
| 1971 | 29/10/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de L.A.S.G. e máis. | |
| 1972 | 29/10/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.A.M.C. e máis. | |
| 1973 | 02/11/2021 | Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición, recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/167, por un importe total de 106.589,45€. | |
| 1974 | 02/11/2021 | Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición, recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/170, por un importe total de 14.765,38€. | |
| 1975 | 02/11/2021 | Recoñecemento da obriga e ordenación do pago da factura Operación 220210013804, por un importe de 1.204,14€. | |
| 1976 | 02/11/2021 | Recoñecemento da obriga e ordenación do pago da factura Operación 220210013805, por un importe de 18.101,60€. | |
| 1977 | 02/11/2021 | Recoñecemento da obriga e ordenación do pago da factura Operación 220210014474 (Dusi), por un importe de 13.854,50€. | |
| 1978 | 02/11/2021 | Recoñecemento da obriga e ordenación do pago da factura Operación 220210014476, por un importe de 676,63€. | |
| 1979 | 02/11/2021 | Recoñecemento da obriga e ordenación do pago da factura Operación 220210013814, por un importe de 38.902,18€. | |
| 1980 | 02/11/2021 | Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2021/169 (Covid), por un importe total de 27.259,72€. | |

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO | PLENO 25-11-2021 |
|-----------------|------------|---|------------------|
| 1981 | 02/11/2021 | Declaración de que o Obradoiro dual de emprego denominado Rehabilitación casa peóns camiñeiros co número de expediente TR353A/15/0040/2021, iniciou a súa actividade o día 29 de outubro de 2021. | |
| 1982 | 02/11/2021 | Anulación da liquidación practicada a A.C.S. no local comercial na R/ Andrés Pan Vieiro 2, consumo auga 3º trimestre 2021 e aprobación dunha nova na que os tipos de gravame do 3º tramo (>100m3/trimestre) serán os establecidos para o 2º tramo, 0,88 €/m3 | |
| 1983 | 02/11/2021 | Aprobación da devolución a M.J.S.M. e P.B.B. do ingreso indebido por importe de 1.368,29€, cantidade en que supera o importe pagado á cantidade a ingresar en concepto de taxa por licenzas urbanísticas, expediente UAU/2021/41. | |
| 1984 | 02/11/2021 | Denegación solicitude Cáritas Diocesanas de Santiago exención ICIO devengado consecuencia solicitude licenza cambio de uso local planta baixa edificio vivendas existente e adecuación do mesmo para vivenda comunitaria maiores R/ Fernando Pérez de Traba. | |
| 1985 | 02/11/2021 | Aprobación Conta Xustificativa subvención concedida (Fondo Compensación Ambiental 2021) para "Renovación de la red municipal de alumbrado exterior en los núcleos de Bregua y Boedo para la mejora de la eficiencia energética, la reducción de la... | |
| 1986 | 02/11/2021 | Ampliación ata 17-11-2021 prazo resolución e notificación procedemento relativo concesión subvencións dirixidas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro para reactivación tecido asociativo e atender necesidades xurdidas consecuencia crise sanitaria. | |
| 1987 | 03/11/2021 | Baixa no servizo municipal de Teleasistencia domiciliar de J.R.S. e E.M.M. | |
| 1988 | 03/11/2021 | Imposición sanción tráfico, expediente 12307/2021. | |
| 1989 | 03/11/2021 | Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente 21745/2021 e máis. | |
| 1990 | 03/11/2021 | Asunción da cobertura dos gastos derivados de cadaleito, traslado e sepelio do finado J.M.P.S. | |
| 1991 | 03/11/2021 | Concesión a D.V.M.K. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€. | |
| 1992 | 03/11/2021 | Concesión a L.E.P.A. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€. | |
| 1993 | 03/11/2021 | Concesión a M.L.S.C. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€. | |

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO | PLENO 25-11-2021 |
|-----------------|------------|---|------------------|
| 1994 | 03/11/2021 | Concesión a M.S.N.M. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€. | |
| 1995 | 03/11/2021 | Concesión a R.B.R.B. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€. | |
| 1996 | 03/11/2021 | Concesión a F.J.C.C. dunha axuda económica para o pago de electricidade, gas e auga correspondente a recibos do ano 2021 e máis. | |
| 1997 | 03/11/2021 | Concesión a J.B.R. dunha axuda económica para o pago de recibos de electricidade, auga e gas correspondentes ao ano 2021 e máis. | |
| 1998 | 03/11/2021 | Concesión a F.M.C. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€. | |
| 1999 | 03/11/2021 | Concesión a F.L.M. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€. | |
| 2000 | 03/11/2021 | Concesión a C.P.G.O. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€. | |
| 2001 | 03/11/2021 | Concesión a M.E.B.R. dunha axuda económica para o pago do recibo de auga por importe de 177,81€ correspondente ao 1º, 2º e 3º trimestre de 2021 e máis. | |
| 2002 | 03/11/2021 | Concesión a M.S.L. do servizo municipal de axuda no fogar cunha intensidade de 5 horas á semana. | |
| 2003 | 03/11/2021 | Concesión a M.T.L. e A.V.I. do servizo de Teleasistencia domiciliaria. | |
| 2004 | 03/11/2021 | Concesión a T.J.P. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€. | |
| 2005 | 03/11/2021 | Denegación a A.M.S.F. das axudas para abono de alugueiro. | |
| 2006 | 03/11/2021 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a E.L.B. de 505,47€ correspondente aos recibos de auga do 2º e 3º trimestre de 2021 e máis recibos. | |
| 2007 | 03/11/2021 | Concesión a J.L.M.F. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | |
| 2008 | 03/11/2021 | Concesión a J.L.G. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | |
| 2009 | 03/11/2021 | Denegación a A.C.R. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | |
| 2010 | 03/11/2021 | Denegación a R.A.M.C. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | |
| 2011 | 03/11/2021 | Concesión a M.B.C.B. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€. | |

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO | PLENO 25-11-2021 |
|-----------------|------------|--|------------------|
| 2012 | 03/11/2021 | Concesión a P.E.R. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€. | |
| 2013 | 03/11/2021 | Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia de M.M.R. | |
| 2014 | 03/11/2021 | Concesión a J.A.P.L. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€. | |
| 2015 | 03/11/2021 | Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición, recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/164, importe total 4.558,45€. | |
| 2016 | 03/11/2021 | Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición, recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/165, importe total 1.669,32€. | |
| 2017 | 03/11/2021 | Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición, recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/166, importe total 402.048,31€. | |
| 2018 | 03/11/2021 | Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición, recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/168, importe total 180.381,66€. | |
| 2019 | 03/11/2021 | Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición, recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos Operación 220210013781, importe total 344,10€. | |
| 2020 | 03/11/2021 | Levantamento do reparo UIT15I00XJ que formula a Intervención xeral e orde continuación tramitación expediente impartición accións formativas AFD. Consta nota informativa secretaria 78/2021. | |
| 2021 | 03/11/2021 | Concesión a M.C.F.D. dunha ampliación no servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de cinco horas á semana. | |
| 2022 | 03/11/2021 | Extinción do contrato de traballo como peón do servizo Culleredo social VIII asinado o 31-08-2021 por M.B.G.G. Consta dilixencia secretaria. | |
| 2023 | 03/11/2021 | Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico, expediente 18656/2021 e máis. | |
| 2024 | 03/11/2021 | Aprobación do expediente para a contratación do subministro denominado "Dotación equipamento para arquivo municipal do Concello de Culleredo. POS + 2018". | |
| 2025 | 03/11/2021 | Imposición sanción tráfico, expediente: 4447/2021. | |
| 2026 | 03/11/2021 | Imposición sanción tráfico, expediente: 11755/2021. | |

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO | PLENO 25-11-2021 |
|-----------------|------------|---|------------------|
| 2027 | 03/11/2021 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago das facturas correspondentes aos bonos de alimentos e hixiene. (Provedor: Mercartabria. Terceiro: C.L.V.-72,74€ e máis). | |
| 2028 | 03/11/2021 | Concesión a T.L.F.S. dunha axuda económica para o pago dos recibos de auga por importe de 216,59€ correspondente ao 4º trimestre de 2020, 1º, 2º e 3º de 2021 e máis recibos. | |
| 2029 | 03/11/2021 | Concesión a L.M.F. da renovación da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | |
| 2030 | 03/11/2021 | Concesión a Frío Coruña SL e Talleres Mecánicos Industriales SA da licenza municipal para a segregación das parcelas con referencia catastral 1140929NH5913N0001ZF e 11402912NH5913N0001PF situadas nas rúas Mourelas e San Fernando. | |
| 2031 | 03/11/2021 | Establecemento procedemento adxudicación o negociado sen publicidade, aprobación pregos e disposición apertura procedemento adxudicación invitando a participar todos licitadores que presentaron oferta "Alugamento elementos decorativos de Nadal 2021/2022. | |
| 2032 | 04/11/2021 | Baixa con efectos 2022 da licenza municipal núm. 105 de reserva de espazo de entrada e saída de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública con horario laboral pertencente local situado Av. Vilaboa 109 de EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA SL. | |
| 2033 | 04/11/2021 | Desestimación da reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por M.J.R.O. | |
| 2034 | 04/11/2021 | Aprobación da certificación núm. 1 da obra "Acondicionamiento de polideportiva descubierta en A Corveira". Contratista adxudicatario: I.A.M. RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, SL. Total da certificación (IVE engadido): 0. | |
| 2035 | 04/11/2021 | Aprobación da certificación núm. 1 da obra "Acondicionamiento polideportiva descubierta del paseo marítimo de O Burgo, Culleredo". Contratista adxudicatario: BCNOR, gestión y soluciones avanzadas SL. Total da certificación (IVE engadido): 72.072,20€. | |
| 2036 | 04/11/2021 | Aprobación da certificación núm. 1 da obra "Acondicionamiento de polideportiva descubierta en Peiro de Arriba". Contratista adxudicatario: I.A.M. RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, SL. Total da certificación (IVE engadido): 0. | |
| 2037 | 04/11/2021 | Aprobación da certificación núm. 1 da obra "Acondicionamiento de polideportiva descubierta Os Pelamios". Contratista adxudicatario: I.A.M. RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, SL. Total da certificación (IVE engadido): 0. | |

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO | PLENO 25-11-2021 |
|-----------------|------------|---|------------------|
| 2038 | 04/11/2021 | Autorización ASOCIACIÓN DE MULLERES ROSALÍA DE CASTRO do uso dos locais municipais solicitados no edificio municipal de Servizos Múltiples, aula no 3º andar, e da sala municipal de actividades Celia e Esperanza Brañas desde o 01-11-2021 ata o 31-12-2022. | |
| 2039 | 04/11/2021 | Autorización á ASOCIACIÓN DE MULLERES ALANCADA do uso dos locais municipais solicitados no centro O Noso Lar desde o 01-11-2021 ata o 31-12-2022. | |
| 2040 | 04/11/2021 | Autorización a DISMACOR uso locais municipais Sala Multiusos - Ximnasio e despacho no Centro Ocupacional A Escada, Cociña e aula da Sala de Actividades Pintora Mª Cagiao (aula 3) e salón de actos Centro Virginia Blanco desde o 01-11-2021 ata o 31-12-2022 | |
| 2041 | 04/11/2021 | Aprobación da certificación núm. 3 da obra "Adecuación do campo de fútbol do C.E.I.P. de Tarrío". Contratista adxudicatario: CANARGA SL. Total da certificación (IVE engadido): 36.195,54€. | |
| 2042 | 04/11/2021 | Concesión a M.G.A. da licenza municipal de obras para cambio de cuberta da vivenda situada en Liñares, parroquia de Culleredo. | |
| 2043 | 04/11/2021 | Acceso ao solicitado e acceso telemático a D.ª Izaskun García Gorostizu, voceira do Grupo Político Popular de Culleredo, aos documentos con código UIT15I00J3, UME15I02CF, USG15I02B9, UIT15I00JK, UME15I02IX, USG15I02EU, UIT15I00IV, UBS15I01T0 e USG15I02B9. | |
| 2044 | 04/11/2021 | Autorización do uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal para liña eléctrica subterránea de baixa tensión para subministro a vivenda unifamiliar na R/ Castelao, parroquia de Rutis. | |
| 2045 | 04/11/2021 | Autorización do uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal para subministro eléctrico RBTS vivenda situada no lugar de Cornedo, parroquia de Sésamo. | |
| 2046 | 04/11/2021 | Aprobación do Plan de Seguridade de Saúde da obra de "Arranxo de viarios municipais en Rumbo (VP-359 e VP-400)". | |
| 2047 | 04/11/2021 | Declaración do desestimento de L.C.M.P. das axudas solicitadas para pago do abono das necesidades básicas da vivenda. | |
| 2048 | 04/11/2021 | Rexistro do animal potencialmente perigoso de nome Kaiser, especie canina, núm. microchip 941000021112833 propietario V.R.O. no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos co número 145. | |
| 2049 | 04/11/2021 | Requirimento a LA FABRICA DE VIVEIRAS SLU para que no prazo dun mes proceda a retirada do vehículo con placas de matrícula C-3117-BK abandonado na rúa Joaquín Sorolla. | |

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO | PLENO 25-11-2021 |
|-----------------|------------|---|------------------|
| 2050 | 04/11/2021 | Concesión a S.F.G. da licenza municipal de obras para ampliación de vivenda no Lugar Ermida de Ternande. | |
| 2051 | 04/11/2021 | Aceptación da cesión que fan J.C.S. e E.P.P. a favor do Concello de Culleredo dunha superficie de 64m2 para o seu destino a viario público. | |
| 2052 | 05/11/2021 | Incoación expediente sancionador presunto responsable DIA RETAIL ESPAÑA SA (SUPERMERCADOS DIA), por infracción artigo 23.3 Lei 11/2010, do 17 de decembro, consistente en publicidade bebidas alcohólicas contraportada folleto establecemento Av. Fonteculler. | |
| 2053 | 05/11/2021 | Aprobación da conta xustificativa de aplicación subvención recibida por importe de 1.748,86€ para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal. | |
| 2054 | 05/11/2021 | Inicio novo expediente sancionador de tráfico contra a persoa titular/arrendatario do vehículo, expedientes 21108/2021 e 21111/2021 | |
| 2055 | 05/11/2021 | Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 08-11-2021. | |
| 2056 | 05/11/2021 | Aprobación da certificación núm. 1 da obra "Recuperación del Camino de Santiago en la calle Choeira y en la calle Catas, Almeiras. Lote 1 (...)" Contratista: BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS SL-NOVAVAL SL. Total certificación (IVA engadido): 0,00€. | |
| 2057 | 05/11/2021 | Aprobación do expediente para a contratación da obra "Pavimentación en la rúa Seara hasta Cillobre, rúa As Barreiras y rúa As Reixas. | |
| 2058 | 05/11/2021 | Aprobación do expediente para a contratación da obra denominada "Renovación da rúa Laxe (VP-23 e VP-29). | |
| 2059 | 05/11/2021 | Concesión a Romeda SL da licenza de obras solicitada para a reforma e rehabilitación do edificio de planta baixa e primeira, adicado a uso de hotel apartamento (grupo IB) dunha estrela con 13 apartamentos na Av. Fonteculler núm. 58, parroquia de Rutis. | |
| 2060 | 05/11/2021 | Adxudicación da execución da obra "Rehabilitación e acondicionamento do Polideportivo Municipal de Tarrío", incluída no POS+2021 á empresa OGMIOS PROYECTO SL, fixando o prezo en 662.898,50, IVE engadido. | |
| 2061 | 05/11/2021 | Toma de coñecemento da transmisión e proceder ao cambio de titularidade da licenza de obras (concedida a J.M.R.G. e J.P.P. para a construción dunha vivenda unifamiliar nunha parcela situada en Ledoño) a nome de S.M.R.P. | |
| 2062 | 05/11/2021 | Aprobación do expediente para a contratación da obra "Ampliación e mellora da drenaxe e os pavimentos na rúa Nabeiras (VP-325 e VP-321) na rúa Outeiro de Abaixo (VP-321) e na rúa Silvar (VP-321)" . | |

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO | PLENO 25-11-2021 |
|-----------------|------------|---|------------------|
| 2063 | 05/11/2021 | Requirimento a B.Z. para que no prazo dun mes proceda á retirada do vehículo con placas de matrícula 5814CMS abandonado nun aparcadoiro a carón do P.K. 0,3 da estrada DP-3103. | |
| 2064 | 05/11/2021 | Requirimento a A.F.V. para que no prazo dun mes proceda á retirada do vehículo con placas de matrícula 0832HJK abandonado na rúa María Cagiao núm. 8. | |
| 2065 | 05/11/2021 | Concesión a E.F.P. da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar nunha parcela situada no lugar de Orro. | |
| 2066 | 05/11/2021 | Delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D. ^a María Guadalupe Pombo Carril, desde o día 9 de novembro ata o día 11 de de novembro de 2021, ambos os dous incluídos. | |
| 2067 | 05/11/2021 | Aprobación do padrón/matricula do Prezo público por ensinanzas do Conservatorio de música municipal correspondente aos meses de setembro (do 16 ao 30) e outubro de 2021 e aprobación padrón/matricula correspondente 2º prazo matrícula curso 2021-2022. | |
| 2068 | 05/11/2021 | Asunción da cobertura dos gastos derivados de cadaleito, traslado e sepelio do finado J.L.G.L. por importe de 1501,72€. | |
| 2069 | 05/11/2021 | Concesión a J.A.L.D. e M.C.S. do servizo de Teleasistencia domiciliaria. | |
| 2070 | 05/11/2021 | Concesión a I.S.P. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | |
| 2071 | 05/11/2021 | Non persoamento en nome do Concello como interesado ante o Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 2 da Coruña, no PROCEDIMIENTO ABREVIADO 167/2021-L. | |
| 2072 | 05/11/2021 | Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos Operación 220210011305, por un importe total de 187.617,87€. | |
| 2073 | 08/11/2021 | Concesión a J.G.S. dunha axuda económica para o pago de hipoteca por importe de 1002,74€. | |
| 2074 | 08/11/2021 | Concesión a S.G.F. dunha axuda económica para o pago de recibo de auga por importe de 172,09€ correspondente ao 4º trimestre de 2020, 1º e 2º trimestre de 2021 e máis recibos. | |
| 2075 | 08/11/2021 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a J.C.F.F. de 136,49€ do recibo de auga do 3º trimestre de 2021 e parte do recibo de gas do 14-10-2021. | |

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO | PLENO 25-11-2021 |
|-----------------|------------|---|------------------|
| 2076 | 08/11/2021 | Autorización a UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal para subministro eléctrico vivenda RBTS no lugar de Silvar, parroquia de Sésamo. | |
| 2077 | 08/11/2021 | Requirimento a R.S.A. para que no prazo dun mes proceda a retirada do vehículo con placas de matrícula M4680WU abandonado na avenida de Fonteculler fronte ao núm. 54. | |
| 2078 | 08/11/2021 | Concesión a R.O.P. do servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de 10 horas á semana. | |
| 2079 | 08/11/2021 | Apertura do prazo para a presentación de solicitudes de participación no Seminario intensivo de Defensa Persoal Feminina do 10 ao 30 de novembro de 2021, ambos os dous incluídos. | |
| 2080 | 08/11/2021 | Desestimento da reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por L.G.P.C. | |
| 2081 | 09/11/2021 | Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2021/173, por un importe total de 24.532,80€. | |
| 2082 | 09/11/2021 | Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2021/172, por un importe total de 37.345,53€. | |
| 2083 | 09/11/2021 | Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2021/171 (DUSI), por un importe total de 63.574,73€. | |
| 2084 | 09/11/2021 | Aceptación do desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar formulado por R.S.S. | |
| 2085 | 09/11/2021 | Concesión a A.G.N. do servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de tres horas á semana. | |
| 2086 | 12/11/2021 | Ampliación do contrato de traballo dos profesores do Conservatorio de Música do Concello de Culleredo con xornada a tempo parcial desde a sinatura desta resolución ata o 24-07-2022. (V.A.A.: 9 horas/semana e máis). | |
| 2087 | 12/11/2021 | Estimación solicitude Y.E.M.G. para a instalación dun establecemento de venda ambulante na feira do Concello de Culleredo e expedición da tarxeta acreditativa da autorización municipal para o exercicio da venda ambulante. | |
| 2088 | 12/11/2021 | Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 15-11-2021. | |

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO | PLENO 25-11-2021 |
|-----------------|------------|---|------------------|
| 2089 | 12/11/2021 | Solicitude á Deputación Provincial da Coruña para o ano 2022 da prórroga do convenio para a atención de menores no programa do Centro de día á infancia do "Fogar Infantil Emilio Romay", por un importe de 14.600€ ao que se engadirá o incremento do IPC. | |
| 2090 | 15/11/2021 | Corrección erro detectado na resolución do 28-10-2021 relativa á contratación de M.A.N. como titora do obradoiro de emprego "Rehabilitación casa peóns camiñeiros do Concello de Culleredo". Consta dilixencia secretaria. | |
| 2091 | 15/11/2021 | Aprobación da lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a cobertura en propiedade dunha praza de conserxe-colexio. Consta dilixencia secretaria. | |
| 2092 | 16/11/2021 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0172 contra I.E.S. | |
| 2093 | 16/11/2021 | Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/175, por un importe total de 2.148,43€. | |
| 2094 | 16/11/2021 | Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/178, por un importe total de 6.824,68€. | |
| 2095 | 16/11/2021 | Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/177, por un importe total de 1.810,35€. | |
| 2096 | 16/11/2021 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0173 contra D.D.P. | |
| 2097 | 16/11/2021 | Aprobación do inicio do expediente para a contratación de "Mejora eficiencia energética bombas residuales de Aceadama y Alvedro (Concello de Culleredo, A Coruña)", por importe de 188.055,86€ IVE incluído. | |
| 2098 | 16/11/2021 | Concesión a J.D.V.O. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€. | |
| 2099 | 16/11/2021 | Concesión a R.F.R. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€. | |
| 2100 | 16/11/2021 | Concesión a L.P.D. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 960€ e máis. | |
| 2101 | 16/11/2021 | Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia de M.B.A. | |
| 2102 | 16/11/2021 | Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia de A.N.M. | |

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO | PLENO 25-11-2021 |
|-----------------|------------|---|------------------|
| 2103 | 16/11/2021 | Concesión a A.M.D. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€. | |
| 2104 | 16/11/2021 | Aceptación do desestimento da solicitude do Servizo de Teleasistencia domiciliaria formulado por L.M.S. | |
| 2105 | 16/11/2021 | Concesión a M.B.A.P. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€. | |
| 2106 | 16/11/2021 | Concesión a Z.Z.P.P. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | |
| 2107 | 16/11/2021 | Concesión ao persoal funcionario e laboral das axudas de Acción Social. Consta dilixencia secretaria. | |
| 2108 | 16/11/2021 | Autorización, disposición, recoñecemento de obriga e ordenación do pago da factura Operación 220210016228, por importe total de 4.384,66€. | |
| 2109 | 16/11/2021 | Declaración do desestimento de F.L.G. das axudas solicitadas para pago de abono de alugueiro. | |
| 2110 | 16/11/2021 | Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/176, por un importe total de 2.031,45€. | |
| 2111 | 17/11/2021 | Requirimento a CENTRO DE FORMACIÓN VIAL RALLY SL para que no prazo dun mes proceda á retirada do vehículo con placas de matrícula 7045BFM abandonado no aparcadoiro da rúa Felipe Mínguez Serrano (Ledoño-Culleredo). | |
| 2112 | 17/11/2021 | Concesión a E.M.Y.C. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€. | |
| 2113 | 17/11/2021 | Concesión a E.J.B. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | |
| 2114 | 17/11/2021 | Denegación a A.H. das axudas para abono de hipoteca. | |
| 2115 | 17/11/2021 | Denegación a A.F.P. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | |
| 2116 | 17/11/2021 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.I.M.B. de 72,14€ correspondente ao recibo de auga do 3º trimestre de 2021 e do recibo de gas do 19-08-2021. | |
| 2117 | 17/11/2021 | Baixa de J.G.S. no servizo municipal de Axuda no fogar. | |
| 2118 | 17/11/2021 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.A.M. do recibo de auga correspondente ao 3º trimestre de 2021. | |
| 2119 | 17/11/2021 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.C.B.N do recibo de auga correspondente ao 3º trimestre de 2021 (119,48€). | |

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO | PLENO 25-11-2021 |
|-----------------|------------|---|------------------|
| 2120 | 17/11/2021 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.A.R.M. de 93,20€ do recibo de auga do 3º trimestre de 2021 e do recibo de luz do 30/09/2021. | |
| 2121 | 17/11/2021 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a N.P.P. de 566,75€ do 1º e 2º trimestre de auga de 2021 e dos recibos de luz correspondentes ao período comprendido entre o 12-01-2021 e o 12-07-2021. | |
| 2122 | 17/11/2021 | Concesión a M.P.G.S. dunha axuda económica para o pago de alugueiro alternativo temporal no hotel A Barquiña por importe de 800€. | |
| 2123 | 17/11/2021 | Concesión a I.C.R. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€. | |
| 2124 | 17/11/2021 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a F.J.C.C. de 383,17€ do recibo de electricidade do 09-06-2021 e máis recibos. | |
| 2125 | 17/11/2021 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a J.G.M. de 96,12€ correspondente ao recibo de gas do 17-10-2021 e do recibo de auga do 3º trimestre de 2021. | |
| 2126 | 17/11/2021 | Concesión a R.M.G.A. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | |
| 2127 | 17/11/2021 | Concesión a J.L.M. da renovación da tarxeta de estacionamento. | |
| 2128 | 17/11/2021 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.Q.G. de 441,86€ correspondente ao recibo de auga do 1º e 2º trimestre de 2021 e máis recibos. | |
| 2129 | 17/11/2021 | Aprobación da certificación núm. 1 da obra "Mejora de la seguridad vial en zona escolar". Contratista adjudicatario: IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL. Total da certificación (IVE engadido): 1.467,81€. | |
| 2130 | 17/11/2021 | Recoñecemento da obriga e ordenación do pago da factura Operación 220210016197, por un importe de 2.250,43€. | |
| 2131 | 17/11/2021 | Recoñecemento da obriga e ordenación do pago da factura Operación 220210016198, por un importe de 700€. | |
| 2132 | 17/11/2021 | Autorización, disposición, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago C.P. FONTE DA Balsa-180,00€. | |
| 2133 | 17/11/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de A.R.V. e R.R.M. | |
| 2134 | 17/11/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.O.L.C. | |
| 2135 | 17/11/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de R.E.L.A. e máis. | |

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO | PLENO 25-11-2021 |
|-----------------|------------|---|------------------|
| 2136 | 17/11/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de D.D.O.H. | |
| 2137 | 17/11/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.I.V.S. | |
| 2138 | 17/11/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de C.V.V. | |
| 2139 | 17/11/2021 | Exclusión procedemento adjudicación oferta presentada por Reprografía Noroeste SL e adjudicación da execución do servizo "encuadernación de libros de actas de plenos y juntas de goberno local y de resoluciones da la alcaldía" á empresa Fanjare SL. | |

C.I.F. P-1503100-H

8.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN DE DATA 8 DE NOVEMBRO DE 2021 SOBRE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE MESTRES/AS PARA IMPARTIR A ESPECIALIDADE FORMATIVA SSCS0208 ATENCIÓN SOCIO-SANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS OS MÓDULOS FORMATIVOS: MF1016-2 APOIO NA ORGANIZACIÓN DE INTERVENCIÓNS NO ÁMBITO INSTITUCIONAL MF1019-2 APOIO PSICOSOCIAL, ATENCIÓN RELACIONAL E COMUNICATIVA EN INSTITUCIÓNS E MP0029 MÓDULO DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS (80 HORAS).

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local por delegación do Sr. alcalde, na sesión de data 8 de novembro de 2021 sobre aprobación da convocatoria e das bases da convocatoria para a selección de mestres/as para impartir a especialidade formativa SSCS0208 atención socio-sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais os módulos formativos: MF1016-2 apoio na organización de intervencións no ámbito institucional, MF1019-2 apoio psicosocial, atención relacional e comunicativa en institucións e MP0029 módulo de prácticas profesionais non laborais (80 horas).

9.- DACIÓN DE CONTA DE INFORMES DE REPARO DE INTERVENCIÓN

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal dos seguintes informes de reparo formulados pola Intervención municipal:

- Informe de data 27/10/2021 (código de documento UIT15I00X5)
- Informe de data 20/10/2021 (código de documento UIT15I00VG)
- Informe de data 28/07/2021 (código de documento UIT15I00ME)
- Informe de data 20/10/2021 (código de documento UIT15I00VP)
- Informe de data 20/10/2021 (código de documento UIT15I00VL)
- Informe de data 20/10/2021 (código de documento UIT15I00W1)
- Informe de data 30/09/2021 (código de documento UIT15I00SG)

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0403 | USG/2021/202 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 0Z2P 0T37 4B4G 0S3R 0FBC | |

- Informe de data 20/10/2021 (código de documento UIT15I00VH)
- Informe de data 02/11/2021 (código de documento UIT15I00XJ)
- Informe de data 31/08/2021 (código de documento UIT15I00PD)
- Informe de data 27/10/2021 (código de documento UIT15I00X1)
- Informe de data 27/10/2021 (código de documento UIT15I00WZ)
- Informe de data 05/11/2021 (código de documento UIT15I00XO)
- Informe de data 05/11/2021 (código de documento UIT15I00XP)
-

10.- DACIÓN DE CONTA DE CESIÓN DE TERREOS PARA VIARIOS PÚBLICOS

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal da resolución número 2051, de data 04/11/2021, de aceptación da cesión dunha superficie de 64 m2 para o seu destino a viario público no lugar de rúa Leonzas, parroquia de Culleredo, formalizada en escritura pública outorgada o 20 de abril de 2021 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia don F. Javier Pérez Taberno Olivera, co número 572 do seu protocolo.

11.- MOCIÓNS URGENTES

Non se presenta moción ningunha neste punto da orde do día.

12.- ROGOS E PREGUNTAS

A Presidencia pregunta aos membros da Corporación se teñen algún rogo ou pregunta que facer.

De seguido solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político do BNG, Sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, di que ultimamente están a ver algunhas resolucións de aprobación de prórrogas de convenios coa Deputación provincial relativas a distintas cuestións e pregunta como está o convenio sobre a vivenda tutelada de Culleredo.

Responde a Sra. Alcadesa-presidenta e di que a vivenda que se destinaba ao uso de vivenda tutelada sufriu varias incidencias, téndose que realizar no prazo dun ano tres ou catro reparacións, con defectos xa estruturais, polo que se falou coa Deputación e coa Xunta, organismos cos que se asinaban ditos convenios, e de momento están suspendidos, aínda que o financiamento si se mantén, atopándose neste momento o goberno municipal no proceso de buscar unha nova vivenda para poder continuar con ditos convenios.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que na sesión que se está a celebrar non está o alcalde e que o comenta porque na sesión do mes anterior comentouse sobre a situación na que se atopa a praza da Ría, en Fonteculler, coa situación que alí se produce ao redor dun establecemento hosteleiro que ten licenza de pub ou alomenos iso foi o que se dixo a pesar de que en todos os escritos que viron pon cafetería; di que o seu grupo tivo ocasión de falar cos veciños e veciñas da zona que trasladan unha situación moi preocupante, moito máis preocupante do que o Sr. alcalde pareceu indicar na sesión anterior na que non amosou intención de restrinxir dita licenza de pub, preocupante ata o punto de que hai xente, propietarios e inquilinos, que bota a fin de semana nun hostel e que xa o teñen por pauta, indicando outra xente que vai vender e marchar desa zona; di que hai outros hosteleiros na zona que din que eles non lle permiten á xente que se comporte e berre fora dos seus locais e existe todo un ordenamento xurídico que se pode facer cumprir, hai unhas ordenanzas de medio ambiente, de rúidos, de terrazas, de apertura de actividades, que teñen que cumprir unhas determinadas normas, e todos os medios municipais á súa disposición para facer cumprir as normas de convivencia desa e de todas as demais zonas, pois xa dixo que Culleredo é un dos concellos con máis reclamacións diante da Valedora do Pobo e que lles consta que varias son por cuestións deste tipo, habendo

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0403 | USG/2021/202 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 0Z2P 0T37 4B4G 0S3R 0FBC | |

disturbios tamén na rúa Anxel Senra e noutros sitios, non entendendo que non se fagan cumprir as normas básicas de convivencia; di que el traslada a petición dos veciños e roga que se faga cumprir e que se diga cantas denuncias deste tipo houbo na Policía Local nun periodo de tempo que escolla o goberno municipal e se mire a cantos expedientes deron lugar e se van prosperando ou quedan aparcados.

Segue a dicir o Sr. Chouciño que o seu grupo ten tamén outros rogos pero dado que o regulamento orgánico municipal establece que os rogos e preguntas poden dar lugar a debate e que poden opinar outros grupos solicita que se resolvan dunha en unha.

Responde a Sra. Alcaldesa en funcións e di que ela lle trasladará o rogo feito polo Sr. Chouciño Garrido ao Sr. alcalde, pois xa no pleno anterior respondeu ao que se dixo, para que lle poida responder tamén na seguinte sesión.

A continuación segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que o seu grupo ten unha segunda cuestión, sobre a que se falou tamén no mes anterior, relativa á situación do servizo de subministro de auga nalgún lugar da parroquia de Orro, e en particular no lugar de A Canle, e no que se montou unha historia sobre que se si hai, se non hai, que se diga exactamente onde, etc, e ao día seguinte os veciños de Orro saíron á prensa para dicir que efectivamente alí hai problemas de auga e que xa o teñen reclamado polo que unha vez máis o grupo político do BNG quere reclamar como se tratan os problemas porque non é normal que se traten da forma na que se tratan porque ao goberno municipal lle consta perfectamente a relación de lugares nos que hai ese tipo de problemas e desde o BNG gustaríalle que se dera unha disculpa polos comentarios que houbo na sesión anterior pero a veciñanza lle pediu que non se solicite tal disculpa senón que se solicite simplemente que se arranxe o problema e que se inclúa unha partida no orzamento do 2022 para que haxa unha declaración de vontade de que si se quere reparar iso porque o BNG non pode facer unha proposta pois non sabe se para arranxar o problema chegan 10.000 euros ou se fan falta 100.000; di que o BNG non pode determinar esta cuestión pero si o pode facer o equipo de goberno, que sabe perfectamente o problema que hai e o valor que ten darlle solución a unhas vivendas que, recalca, teñen licenza, algo que se cuestionou no pleno anterior.

Responde a Sra. Alcaldesa en funcións e di que toma nota do rogo e dará traslado.

De seguido o Sr. Chouciño Garrido di que o grupo político do BNG trae ao pleno dúas cuestións máis, sendo a primeira delas sobre a estrada DP-510, que vai a Uxes desde A Garrocha, e na que hai obras neste momento polas que algunha xente lles chamou preocupada porque lles dixeron que alí ía haber simultaneamente unha obra de alcantarillado e tamén de tendido de fibra óptica para darlle cumprimento á premisa pola que se solicitaron os fondos Edusi que era dotar aos centros sociais de comunicación telemática e eles non souberon que responder porque puideron ter acceso ao convenio coa Deputación porque está publicado na web da Deputación e onde se di que hai unha cantidade certa, pero no proxecto técnico que consta no perfil do contratante da plataforma de Contratación da Deputación non atopa que se contemple o tendido do alcantarillado pois so ven o proxecto que di que se anchea a estrada, se reforma o pavimento e se fai a senda peonil lateral polo que lle gustaría que se aclarara se realmente xa vai todo incluído e de que forma se vai executar.

Responde a Sra. Iglesias Becerra e di que non ten na sesión o convenio citado pero que si estaba previsto tanto o asfaltado e a mellora na seguridade da vía citada como as obras de alcantarillado e que esa obra a vai acometer a Deputación, engadindo que ela non leva Obras, que leva Urbanismo, pero que toma nota de todas as cuestións polas que pregunta o Sr. Chouciño Garrido.

O Sr. Chouciño Garrido segue a súa intervención e lle di á Sra. Iglesias Becerra que é certo que non leva Obras pero si leva Contratación, e Facenda, e en conxunto forman o equipo de goberno, un órgano colexiado, habendo cuestións que son transversais e afectan a distintas áreas pois puidera ser que para facer a obra houbera que transferir cartos á Deputación.

Responde a Sra. Iglesias Becerra e di que o convenio coa Deputación xa inclúe que no momento en que se fagan as obras de mellora do dito vial se acometerá tamén a obra de alcantarillado, e di que ela non ten máis información para poder darlle con máis detalle.

O Sr. Chouciño Garrido pregunta como se materializa o que se recolle no convenio do que se falou porque, se non se equivoca, a licitación da Deputación non inclúe todo o que se di polo que lle encantaría estar equivocado pero tamén podería ser que a Deputación se despistara polo que roga se tome nota e se lle conteste a poder ser por escrito.

C.I.F. P-1503100-H

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0403 | USG/2021/202 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 0Z2P 0T37 4B4G 0S3R 0FBC | |

Responde a Sra. Iglesias Becerra e di que si está incluído e que se vai facer cargo a Deputación, independentemente de que non se vaia licitar todo xunto e puidera ser que se licitara agora o vial e despois o resto da obra, engadindo que o convenio inclúe todo e que é a Deputación a que se encarga do saneamento citado.

O Sr. Chouciño Garrido segue a súa intervención e di que efectivamente se poden licitar de forma separada pero que unha obra vai por baixo da outra e son sucesivas, podendo realizarse conxuntamente, e solicitan aclaración porque non atopan todo.

Segue a dicir que o grupo político do BNG trae á sesión unha última cuestión cal é a preocupación que hai polo persoal docente do Conservatorio pois viron o comunicado da CIGA, o comunicado da Anpa, e transmiten unha situación moi preocupante para o alumnado pois máis alá de que haxa o problema docente, hai tamén o problema de que a xente está pagando as súas cuotas e non recibe o servizo correspondente; di que respecto dos docentes, o goberno municipal debería prestar atención pois está a ter problemas de persoal en moitos frentes; di que o Conservatorio, a todos os efectos, é sistema educativo e pide que se atendan as reclamacións da Anpa e dos traballadores pois se sabe do esforzo que moitas veces supón para un rapaz ir todos os días ao Conservatorio e se a iso se lle pón unha carreira de obstáculos faise moi difícil, polo que roga que se atendan as solicitudes e se dea solución a todo isto o antes posible pois, curiosamente, a propia Anpa está a propoñer solucións e se o problema son as listas porque son do 2015 ou 2016, se podería acudir ao servizo de emprego e tirar de aí; di que non sabe se esta posibilidade existe pero si que se mire se se pode ou non.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu rogo tamén é referido ao Conservatorio de Culleredo porque o seu grupo estivo a falar con algún docente e con pais de alumnos que acoden ao centro que amosan o seu malestar pola dificultade que existe para cubrir as prazas dos profesores titulares que se atopan de baixa ou con redución de xornada; di que lle dixeron que esta falta de profesorado lles obriga a reducir os contidos obrigatorios polo que, tal como dixo o Sr. Chouciño Garrido na súa intervención, as familias están pagando uns cartos por un servizo que non están a obter, moitas veces con moito esforzo, polo que solicitan se axilicen os trámites para a convocatoria de prazas e a solución a estes problemas que está a ter o conservatorio.

Responde a concelleira Sra. Figueroa Fuentes, e di que a preocupación sobre a situación do Conservatorio é compartida tamén polo equipo de goberno, que leva tempo xa buscando solucións ao problema das substitucións porque os trámites son moi lentos, con prazos que ás veces son inasumibles; di que hai momentos nos que se xuntan excedencias con baixas por ITs e ocasionan un problema que, aínda que non afecta a un gran número de alumnos, si a unha porcentaxe nada desdeñable; di que o goberno municipal buscou alternativas e invita aos distintos grupos municipais a que revisen o expediente e vexan como se solicitou poder adherirse a listas da Xunta para poder dispoñer de profesores con maior axilidade, estando a valorarse distintas opcións; que a día de hoxe as listas están caducadas, agardando aprobar o vindeiro luns as bases para as listas de substitucións e poder darlle máis período de vixencia para non ter que estar cada ano con este procedemento porque é totalmente inviable poder renovar cada ano esa e as demais listas de substitucións que hai; di que o goberno municipal, e concretamente a concelleira delegada de Cultura, o alcalde e ela mesma, reuniuse tamén con representantes da Anpa e lles expuxeron a problemática que existe, engadindo que lle gustaría que se reuniran os distintos grupos políticos dado que a preocupación é común e así poder estudar o tema e ver cal é o trasfondo da problemática que existe no Conservatorio de Culleredo.

Intervén a Sra. García Gorostizu e di que a ela lle parece ben dita reunión porque o problema é considerable xa que as listas das que se tira están caducadas desde o 2016 e existe un informe do valedor do pobo no que lle indica ao goberno municipal que ten que ser áxil na substitución dese profesorado e despois de seis anos todo segue igual polo que os membros do seu grupo estarían encantados de poderse reunir e tratar de ver o problema para tentar solucionalo.

Segue a dicir a Sra. García Gorostizu que o seu grupo ten outro rogo relacionado co PMUS, co plan de mobilidade urbana sostible, un plan que mellorará o transporte público, o aparcamento, a accesibilidade, os itinerarios ciclistas, a seguridade viaria, a eliminación de barreiras, e do que oficialmente non se sabe nada máis que o que se anunciou na prensa que foi que se licitou no mes de agosto do 2019, que se adjudicou no mes de decembro do 2020 e que tiña un prazo de execución de seis meses, custando 45.000 euros dos fondos Edusi e di que, pasado xa un ano, non

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0403 | USG/2021/202 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 0Z2P 0T37 4B4G 0S3R 0FBC | |

se viu nada polo que solicita se lle envíe unha copia e se informe sobre en que fase se atopa e os datos obtidos nas enquisas.

Responde a Sra. Alcaldesa en funcións e di que o vai consultar e se non hai ningún problema lle fará chegar a información que solicita.

Continúa a Sra. García Gorostizu a súa intervención e di que o seu grupo trae tamén á sesión outro rogo relativo á limpeza das fincas colindantes ao colexio Sofía Casanova pois viron que o Concello realizou a limpeza solicitada pola Anpa do colexio pero cun resultado que non era o esperado pois alí segue todo sucio, desaparecendo o valado que estaba roto sen que fora substituído polo que solicita se instale de novo un peche perimetral e se realicen as actuacións necesarias para que toda esa zona volva a quedar limpa e en boas condicións.

Responde a Sra. Alcaldesa en funcións e di que toma nota e trasladará a petición.

A continuación a Sra. García Gorostizu di que no parque que se renovou este verán nos Pelamios viuse que se recepcionou a obra con maleza no peche perimetral; di que a obra foi licitada por 53.000 euros e executada por 35.000 euros, sen que no proxecto se incluíra ningunha medida de seguridade ao talude de terra que coroa cunha árbore que hai ao final da pista, trasladándolle os veciños que iso provoca que cando chove a pista échese de barro e de area e que podería haber perigo de derrubamento polo que desde o seu grupo solicitan que se tome algunha medida de seguridade para evitar iso.

Responde a Sra. Alcaldesa en funcións e di que dará traslado do rogo da Sra. García Gorostizu para que o valoren.

Segue a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que a veciñanza tamén lle trasladou que no outro parque renovado este verán, no Juan Carlos I, hai aristas saíntes de aceiro perigosas para os nenos, solicitando se efectúa visita de comprobación para evitar posibles accidentes.

Responde a Sra. Alcaldesa en funcións e di que toma nota para trasladar esta petición.

C.I.F. P-1503100-H

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e cincuenta e cinco minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Vº e prace

A alcaldesa-presidenta en funcións

(asinado dixitalmente nesta data pola concelleira delegada de Política Social e Promoción do Deporte que actuou como alcaldesa en funcións o día da sesión)